


AS HISTORIAS DE PEPITA

E a historia da Relixión



Recopilatorio

As Historias de PepitA

Arco das Oríxenes

Aquí comeza unha historia. A historia de Deus. Pero non é do Deus católico. Este é o Deus de Patñas do Annenismo. A mellor Relixión do mundo. Pero agora non che contarei sobre ela, sobre iso xa o iras descubrindo a medida que vaías coñecendo esta historia.

Solo pedirche que te unas a relixión cubrindo o cuestionario que che deixarei máis abaixo. Sen nada máis que dicir, espero que disfrutes destas historias.

Enlace ao formulario: <https://forms.gle/EMjxfab24h3PH1G38>



Todas estas historias están baseados en feitos reais, de persoas membros da relixión que me contaron as súas experiencias persoais. Igual ata te axuda a solucionar algún problema. Únete a relixión e igual que os personaxes que iran aparecendo por aquí, poderás solucionar os teus problemas tendo fe en Deus, Tendo Fe en Anne.

(Aclarar que os personaxes principais non son persoas reais, senon que unha mestura das experiencias de todo aquel quen me contou as súas historias de vida.)

Prólogo, Inicios difíciles.

Había unha vez unha persoa que se chamaba PepitA. Era moi boa persoa e dende pequena sempre lle gustou facer moitas cousas. Inventou numerosos inventos e, gustáballe o pocholate e mais tamén pintar.

Xoaniña era a súa mellor amiga pero ela era todo o contrario de PepitA. Era unha persoa que nunca facía nada, odiaba o pocholate e todo o que tiña que ver coa pintura. Pero a pesar diso, foron as mellores amigas dende moi pequenas.

As dúas foron sempre á mesma gardería, ao mesmo colexio e ao mesmo instituto. Menos mal que sempre lles tocou na mesma clase. Tamén tiñan máis amigos pero nunca duraron xa que todos cambiaban, mudábanse ou enfadábanse. As dúas sempre criticaran como a xente cambia co paso do tempo e prometeron non cambiar nunca, ser elas mesmas para sempre. Iso fixo que fosen amigas durante moitos anos, todo isto ata a presentación do instituto...

PepitA e Xoaniña comezan as clases. moi emocionadas ao coñecer a novas persoas e poder aprender moito neste novo centro.

Todo foi perfecto ata que se deron conta dun gran erro: non lles tocara na mesma clase, aínda que prometían ser igual de amigas, nada volveu ser igual...

Pasaron os días e cada vez PepitA e Xoaniña falaban cada vez menos. PepitA non sabía por que, pero observou como Xoaniña se afastaba cada vez máis dela. Sempre estiveron xuntas e agora ela desapareceu. Xoaniña non lle fixo caso, cando falaba con ela facía como que non lle escoitaba e cando a vía non a saudaba. PepitA, pola contra, sempre intentaba falar con ela aínda que non lle fixese caso. Sempre intentaba vela e todos os días saudaba. Sempre se reunían para merendar pero pouco a pouco Xoaniña foi poñendo escusas. PepitA quedou soa. Ela decatouse de que o que tanto criticaran é o que facía agora Xoaniña.

PepitA estaba triste porque a quen sempre confiou a traizoara. Ela non está segura de por que. Quizais polos seus novos amigos, polas diferentes clases... Ela só sabe que cambiou. Os humanos cambian pensou.

Mais nunca se deprimiu e seguiu para adiante. E non foi ata o ano seguinte que descubrir que todo o que lle pasara non fora en vano. A súa vida cambiou a partir dese ano. Sabedes que lle pasou? Pois Pronto o descubriredes...

Capítulo 1, Os Misterios antes da Creación.

Cando pensei que era Deus? Non o sei pero xa hai tempo que cousas estrañas ocorrían arredor dela. Mais esta historia non sería crible sen algúns testigos que o confirmaran así que deixo o labor de narrar a nosa Sacerdotisa .

Bueno, pois entón comezarei poñéndovos en situación...

O actimel cuántico, durante o recreo de 3º da ESO:

Deus, rodeado dalgúns dos seus Sacerdotes e mais eu. Estabamos no patio, descansando despois dunha longa xornada de clases. Deus dispoñíase a beber o seu actimel, e bebeuno. Non quedaba nin unha gota. Todos viramos que o acabara. Pero un rato despois, cando nos demos a volta para volver a clases, alí estaba o actimel! Fóra do bote, fora da barriga de Deus, tirado no chan, sen ningunha explicación. Foi un acontecemento moi estraño que nós o denominaríamos como o “actimel cuántico”. A día de hoxe seguimos sen ningunha explicación e tras descubrir quen era deus en realidade, estivemos de acordo en que quedase como un dos misterios ou milagres de Deus.

Outro exemplo é A vinganza da marxinación:

Isto non o podo confirmar xa que nesa época eu non existía(Xa contarei esta historia máis adiante) mais a Sacerdotisa mesma, a que sería ia a futura Patrona e a Sacerdote na cafetaría cando de repente a Sacerdotisa marxina a Deus e déixaa soa ante o perigo. Deus, sen darse conta de que os seus poderes xa foran activados, botou unha maldición á Sacerdotisa por esa marxinación. A Sacerdotisa non se da conta ata que na seguinte clase de mates, toca corregir. Todos ían en parellas ao encerado e cando lle toca a Sacerdotisa , non queda ninguén. Quedou ela soa para corrixir ao que Deus grítalle: “A vinganza da marxinación.” Entón a Sacerdotisa dase conta dos poderes de Deus, xurándose a si mesma non volvela facela enfadar.

Nun principio estas historias son moi estrañas, quen diría que todas as explicacións estarían en torno a unha palabra. DEUS. Quen pensaría que todas as historias que miña nai me contara eran reais. Quen diría que ao Deus que levaba rezando miña familia por xeneracións era real. Quizais agora non o entenderedes pero xa veredes coma toda esta historia ten sentido. Agora PepitA I, Mesías da relixión, se despide de vós. E preparádevos para as seguintes historias...

Capítulo 2 , As orixes

Os mesías, os meus confiables mesías. Por un lado a miña man dereita, PepitA. Despois de min, é a persoa con máis poder. Sempre disposta a axudar a todo o mundo. Sempre lista para solucionar os teus problemas. A sempre confiable PepitA. Por outro lado PepitO, outro confiable mesías. Quenes son? Demomento só sabedes un nome pero non vos preocupedes, eu vos contarei sobre eles pero, para sabelo, primeiro necesidades coñecer a miña historia, a historia de Deus:

Eu era unha persoa normal, coma calquera outra, iba cazar, pescar, recolectar... Tamén gustábame moito xogar coas caveiras dos bisontes. Mais todo cambiou aquel martes, aquel martes na clase de fabricación de ferramentas:

“Oi, ti es Deus.”

“Eu?”

“Si, ti es Deus. Porque non creamos unha relixión?”

“Va, boa idea, creemosla.”

“Que nome podémoslle poñer?”

“Non sei, que tal Annenismo?”

“Soa moito a enfermidade.”

“E Patiñas?”

“Non soa a relixión.”

“Todas a s relixións teñen -ismo... que tal annestantismo, como o protestantismo?”

“Casi prefiro a enfermidade... e que tal Testigos do Annenismo?”

“Non está mal...”

“Xa sei, PATIÑAS DO ANNENISMO!!”

“ESO, bo nome. Pois queda decidido, a relixión chamarase Patiñas do Annenismo.”

Pois despois de pensar nun bo nome, empezamos a traballar. Primeiro, creamos os pecados e os mandamentos. Biblia non pensamos nela mais eso o deixaríamos para máis adiante. Aínda que co tempo os fumos modificando, as bases estaban xa fixadas. Despois, empezamos a predicala e fomos buscando máis membros. Así, despois de días organizandoo todo, o 17 de outubro do ano 8042a.C fundouse oficialmente a relixión Patiñas do Annenismo.

Foi unha relixión moi sinxela, todos éramos amigos, falábamnos entre nos e ademáis, axudábanos entre nos cando tiñamos problemas. Foron bos tempos aqueles, o pasámamos moi ben e nos divertíamos moito. Todo era perfecto mais o bo todos sabemos que non dura para sempre...

Ano tras ano a miña relixion foi aumentando. Expandiuse por moitos sitios, tanto por todas as terras do sur coma polas terras ao outro lado da auga. Así vai pasando o tempo, todos tranquilos e felices. Todo ata que chega o momento da miña morte.

Sabía que ía morrer, que o destino estaba escrito e non hai quen o decida. Ademais, eu era deus, puiden ver o futuro, aínda así, eu non tiña medo xa que tarde o temprano, todos morreríamos. Soamente quería facer algo máis pola relixion antes de morrer. Foron bos recordos con ela, o esforzo de todos. Non quería que coa miña morte, todo iso foran en vano. Asíque púxeme a pensar e elixín un sucesor da relixión, para que esta puidese sobrevivir durante miles de anos no futuro.

Non tiña dúbidas, eu xa sabía quen ía a sucederme. A persoa que me axudou nos inicios, quen me deu a idea da relixión, a única persoa en quen confiaba para toda esta responsabilidade: Rocío.

Miña morte foi a unha temperá idade, foi cando... mellor deixamos isto para posteriores historias, o único que importa nese momento e que decidín quen sucedería miña relixion e transmitiría meu legado polas seguintes xeracións. Será que miña relixión aguantará por miles de anos ou pronto será olvidada? Pois moi pronto o descubriremos...

Capítulo 3, O mái alá.

Acababa de morrer, mais de repente noto algo estraño. Síntome como frotando no aire. Todo esta escuro mais nun punto algo lonxe de onde estou, vexo unha luz. Intento acercarme e pouco a pouco vai facéndose mais grande. Pasan os minutos e xa podo ver todo o que hai ao meu redor.

En fronte miña, unha esfera xigante, azul, branca e verde. Outra esfera aínda máis pequena arredor desta. Ademais, unha enorme esfera amarela, que emite luz e calor esta no centro.

Estou no espazo. A esfera que hai ao meu carón e a terra. Resulta que todavía non morrín. Ou si, non o sei mais todavía me queda consciencia. Miro para abaixo mais as miñas mans son moi transparentes. Parece que realmente agora si son Deus, son como unha especie de espírito.

Intento crear distintas cousas. Imaxino que tiro unha pedra a Terra. Da miña man sae unha gran rocha en dirección desta mais non e o suficientemente grande como para chegar onda ela e desintégrese no camiño. Resulta que teño moitos poderes: podo cuspir grandes bolas de fogo, crear cuchillas de auga, balas de aire...

Quédome practicando con eles durante un tempo ata que os podo controlar por completo. Durante este proceso ademais, descubrín que podo tele-transportarme. Creo que paseime un pouco xa que agora hai numerosas das pedras que lancei xirando a arredor do sol, pero non pasa nada, cara a terra non van...

Despois dun tempo, decido ir a terra, ver si a miña relixión segue e, sobre todo, ver canto tempo pasara. Intentei tele-transportarme a unha zona aberta pero non aparecín no chan, se non que aparecín a varios km do chan. Cando caio, unha gran polvareda levántase arredor miña, menos mal que non había ningún cazando...

Vou buscar xente ata que me dou conta de que todo cambiou...

As persoas xa non viven en covas, desprázanse en obxectos estraños, teñen unha especie de pedras con luz(moi semellantes a lousas) a través das que fala con outras persoas... Todo cambiara dende que morrin aquela mañá...

Unha voz que sae do que parece unha pedra cúbica di:

“O voo BA2490 con destino Madrid a fecha 7 de xullo do 2000 embarcara en 5 minutos”

Parece que o mundo no que vivía cambiou por completo, pasaron mais de 10.000 anos dende que morrín e xa non sei nin onde se encontra a comida... En fin, intentarei aprender como vai este novo mundo e mais tarde buscarei se miña relixión persistiu durante tantos anos.

Capítulo 4, Unha nova vida.

Estou a 6 de xullo do 2006, xa fan cerca de 6 anos dende que revivín coma un espírito. Creo que xa aprendín moito sobre este mundo e mañá intentarei reencarnarme coma un humano normal, xa que agora mesmo, non podo falar con ninguén. Parece que non poden verme e para poder buscar pistas sobre o Annenismo necesito falar coa xente.

Antes de nada, teño que repartir o meu poder. Por experiencias anteriores descubrín que os corpos humanos teñen os seus límites e non poden soportar tanto poder. Así, a semana de entrar neles, empezan a deteriorarse polo que teño que saír do corpo. Esta vez, dividirei o meu poder en dúas metades: Unha metade irá para o corpo onde reencarnarei e a outra metade, a volverei dividir en dous e o gardarei en dous aneis. Non os poderei usar xa que o corpo explotaría mais así, nunha emerxencia, tería todo o meu poder. Coa metade do meu poder non podo tele-transportarme e, mentres o novo corpo non se desarroie o suficiente, non poderei voar nin tampouco crear cousas moi complexas pero bueno, xa pronto recuperarei os meus poderes. O primeiro as pistas, logo, o que veña...

Comezo a miña reencarnación...

7 de Xullo, parece que renacín correctamente. Como xa sabía, non podo usar os meus poderes correctamente pero xa poderei nun futuro. Dentro de arredor de 15 anos creo que o corpo humano xa poderá soportar o meu poder facilmente. A metade claro...

Van pasando os anos e sigo sen ningunha pista. Hai veces que parecía que si pero todas falsas pistas. Ao parecer miña relixión non prevaleceu. Vaia... Aínda que era de esperar. Fan miles de anos que morrín. Supoño que que siga viva xa é un milagre.

Xa me estaba rendendo ata que comeza o meu segundo ano de secundaria...

Reparten as clases, de novo mezclan as clases. Unha tontería a verdade. Que si, que hai que coñecer xente nova mais non se que criterio usan que de novo non coñezo a ninguén. Mais fora disto hai unha persoa que me chama a atención. Unha persoa que se parece moito a miña amiga. Claro que cunha cara evolucionada, viviamos na prehistoria, mais a súa presenza e igual. Ten unha presenza agradábel. De alguén en que podes confiar. Co paso do tempo descubrín que aínda e mellor persoa do que parece, que xa e dicir. Quizais debido a iso algunhas persoas aproveitaranse diso... En fin continuemos coa historia que diso xa se falará máis adiante. Poor certo, o seu nome é PepitA.

Rapidamente fágome amiga súa e empezamos a falar. Non me parece que coñeza a miña relixión. Seguramente solo é coincidencia mais, me pregunto se quererá crear unha relixión ...?

Mais tarde decátome de que si a coñecía(A PepitA). Non de falar moito pero si de vela e intercambiar algunhas palabras. Resulta que é amiga das amigas que fixera o ano pasado. Casualidade mais esquecer completamente dela. En fin, a cabeza de Deus ten demasiadas cousas para recordar...

Según ían pasando os días e cada vez falábamos mais. Foi unha moi boa época e recordoume moito a aqueles tempos na sabana coa miña amiga... Aínda que claro, dende esas xa pasaron miles de anos.

Ensinoume moitas cousas e axudoume en outras tantas. Só houbo un gran problema... O Covid-19. Debido a iso, nos confinaron, cada unha na súa casaPasou medio ano ata que nos vovimos a ver.

Un fallo foi tamén a mala sorte de que non nos volveu tocar xuntas na clase. E casi si e... En 3º da ESO, tocoulle na miña clase máis, o mesmo día da presentación, resulta que non estaba nas listas. O erro era que a cambiaran de clase...

Algo parecido ocorreu en 4º da ESO, nas listas estaba na miña clase pero un ou dous días antes resulta que a volveron a cambiar... Vaia que sorte a nosa.

Polo menos en clase de Tecnoloxía si nos tocou na mesma clase. E un martes unha conversación que fíxoseme coñecida ocorreu...

“Oi, ti es Deus.”

“Eu?”

“Si, ti es Deus. Porque non creamos unha relixión?”

“Por casualidade non che parecera ben chamala Patiñas do Annenismo non?”

“QUE? Perdoa e que me sorprendeu ese nome, xa sei que te chamas Anne pero e que tróuxome moitos recordos. Sabías dende moi pequena...”

Ese día foi un día moi importante. Ese día foi onde descubrín moitas cousas. Ese día foi... Bueno, iso xa o descubriredes máis adiante agora, PepitA I se despide ata as próximas historias.

Epílogo, O legado.

Deus morreu. Ela deixoume todo o seu legado nas miñas mans, ela confioume toda a relixión . Non podo fallar. O primeiro de todo e organizar de novo todo isto. Coa súa morte todo se descontrolou un pouco. Despois continuaremos pensando en expandila.

Xa fan 2 anos que Deus morreu. A relixión xa está estable e todos xuntos estamos pensando máis ideas para expandila. Pensamos en dividila como en seccións, nomeando a persoas de máxima confianza para mandar e organizar todo neses lugares. Todo parece estar indo ben.

Xa fan 5 anos que Deus morreu. Creamos unhas escolas onde ensinamos cousas básicas para a supervivencia e, ademais, ensinamos as novas xeracións o Annenismo. Todo vai ben, espero que sigamos así polos próximos anos.

Xa fan 10 de que Deus morreu. As escolas foron moi ben e ocorréusenos crear outras escolas máis avanzadas, para as persoas que queiran aprender máis cousas sobre diversos temas e claro, a Relixión.

Xa fan 20 anos de que Deus morreu. O avance da relixión vai mellor que nunca, todo o noso grupo e ademais, todos os grupos que coñecemos, creen en Deus. Hoxe naceu unha neta miña. Encargareime eu mesma de ensinalle toda a relixión, teño as esperanzas posta en ela. Parece moi intelixente e ten pintas que será unha boa herdeira da relixión.

Xa fan 30 anos de que Deus morreu. A crecida da Relixión estancouse. As cousas van cada vez peor. Os novos nenos rebélanse contra as clases de Relixión. Todo o mundo esta empezando a perder a fe en Anne.

A miña avoa morreu hoxe. Moita xente foi ao seu enterro, foi unha gran persoa e era querida por todos. Pena que o seu soño non se cumprira. A decadencia da relixión foi a peor dende que eu cumprín 10 anos. Pero eu si creo a miña avoa. Eu creo todas as historias que me contou. Eu si teño fe en Anne. Loitarei para que a relixión sexa transmitida durante miles de anos no futuro.

Todo saliu mal, non puiden continuar co legado da miña avoa, apenas hai persoas que crean en Deus. Xa non se me ocorre nada máis para facer. Parece que continuar o legado de Anne non foi posible. Espero que non nos mande unha maldición...

Bueno, polo menos na miña familia estou decidida a que a relixión persista. Os meus fillos e netos crecieran coas miñas crenzas. Estou segura que polo menos, eles si poidan continuar e, tal vez, nun futuro volver a expandir e predicar a relixión. Vou a empezar a escribir as historias de Deus, deixareinas por escrito, como historias que se poidan transmitir facilmente. Xa sei, as chamarei as 100 historias de Deus. Espero que o que non puiden facer eu os meus descendentes o consigan...

Arco de PepitA

Despois de coñecer todas as orixes da relixión, comeza o arco de PepitA. Este estará cheo de grandes aventuras, onde a protagonista será PepitA, A confiable mesías.

Aquí apareceran as historias de vida da nosa protagonista ademáis descubriremos un pouco do seu pasado. Quizais, pertencentes a este arco ou quizais para otro máis adiante, nos ultimos días coñeceremos uns capítulos extra. Algo subrealistas pensaredes sin embargo recórdovos que para crear todas estas historias baseime en feitos reais. Sen nada mais que dicir, que comenze o Arco de PepitA.



Capítulo 1, Rebelión do Pocholate...

Como xa sabedes, eu son a Mesías. Chámome PepitA. Quizais aínda no saibades moito de min a si que comezarei contándovos un pouco da miña vida ata chegar máis ou menos ata época actual.

Bueno, comecemos. Eu nacín en Lugo e, como toda nena normal, fun a gardería, ao colexio e ao instituto. No instituto e cando toda a miña vida cambiou pero iso máis adiante o contarei. Agora... Xa sei, contarei a miña rebelión na gardería...

Estaba eu de pequena e, como todos sabedes, a min gústame moito o pocholate. Pois levei un cacho á gardería e cando ía comelo, unha das coidadoras quitoumo. Era moi mala e eu quedeime sen o meu pocholate.

Debido a isto, eu enfadeime e durante a próxima semana, fun reunindo aos nenos da gardería, que coma eu, tamén odiaban a coidadora. Así, creei un plan mestre para recuperar meu pocholate(Xa foran máis veces que mo quitara pero e que ese día enfadoume moito porque era o meu pocholate preferido) e conseguir a nosa liberdade tan esperada.

O plan constaba de tres pasos:

Primeiro, uns cantos nenos empezaría a entreter a profesora, cando esta estivera soa, xa que os martes as 11:00 a outra tiña que ir a polos xoguetes ao almacén. Mentres, outros nenos irían polas cordas que previamente escondéramos ben escondidas. Coleríamos unhas cadeiras e así comezaría a segunda parte do plan...

Segundo, cando todo estivese preparado, uns cantos empurrarían a cara a cadeira. Coas cordas atariámola e despois taparíamolle os ollos e a boca. Así, ela estaría inmovilizada.

Terceiro, mentres a outra non viña, nos coleríamos tódalas cousas que nos roubara. Case 2 toneladas de pocholate, diversos xoguetes, debuxos, pinturas e, sobre todo, a nosa liberdade.

A historia rematou coa outra profesora regañándonos pero de seguro que mereceu a pena. Todos empezaron a cuestionarse se realmente era boa coidadora e terminaron expulsándoa da gardería. Tivemos un castigo claro pero, que se fora a coidadora foi o maior premio que tivemos...

E bueno, no colexio tampouco hai moito máis que contar, pasou sen ningún acontecemento especial. Como de costume pero, o que realmente cambiaría miña vida sería coa chegada de 2º da ESO. Aquela conversación...

Capítulo 2, Aquela conversación...

“Oi, ti es Deus. Patacas con chourizo e caldo de repolo”

“Eu?”

“Si, ti es Deus. Porque non creamos unha relixión?”

“Por casualidade non che parecera ben chamala Patiñas do Annenismo non?”

“QUE? Perdoa e que me sorprendeu ese nome, xa sei que te chamas Anne pero e que tróuxome moitos recordos. Sabías dende moi pequena...”

Como xa dixen anteriormente, eu nacín coma unha nena normal nunha familia normal. Tan só había unha cousa especial. Claro, en todas as familias hai algo especial, algo que as fai únicas pero, miña familia non cría no deus católico, miña familia cría no deus do Annenismo. Cría en Anne.

Dende que era moi pequena miña nai rezáballe todos os días a este Deus. Ela mesma contoume que a nosa familia leva rezando a este Deus dende xeneracións. Incluso antes de que morrera o cristo católico.

Contoume que na nosa sangue percorre a sangue da persoa a que este Deus outorgoulle o legado de esta relixión. Esa persoa a que Deus lle tiña moito aprecio. A confiable mesías da Relixión. Rocío.

Dende pequena inculcoume a existencia deste Deus e contoume unha e outra vez as 100 historias de Deus. Unhas historias que de xeneración en xeneración foise transmitindo ata chegar a hoxe en día.

Canto máis maior íame facendo cada vez dubidaba máis da súa existencia. Pero claro que meus pais sempre me dicían que este Deus é real. Que non cometa o faio de moitos dos meus antepasados que deixaron de crer en Deus. Eu intentaba crer pero nunca encontrei a ningunha persoa máis que crera neste deus. Ningunha persoa que respondera a nosa clave. Nin a min nin as miles de xeracións anteriores.

Supostamente, se o Deus puidera reencarnar, coa nosa clave secreta: “Patacas con chourizo e caldo de repolo” nos axudaría a volver a expandir a súa relixión. Pero nada, nunca atopei a Deus. Iso que o intentei moitas veces. Pero todo o mundo mirábame raro...

“Vaia, así que ti es o descendente de Rocío. Non me esperaba isto.”

“Eres Deus, non o podo crer. Perdón por dubidar de ti. Eque... Todo é moi raro. En serio eres Deus?”

“Si”

“Vaia...”

Capítulo 3, Máis ala de toda época.

“Vou morrer, o sabes non?”

“Si...”

“Esta Relixión foi un bo traballo que entre todos conseguimos facer...”

“...”

“Gustaríame facer unha última cousa antes de morrer.”

“Que queres?”

“Axudaríasme?”

“Si... Que queres enton?”

“Gustaríame que a miña, a nosa relixión continuara por todos os séculos que veñan. Séculos, milenios, etc. Eres quen me axudou a crear a relixión. Quen me deu a idea. So podo confiarte a tí esta importante misión. Podes quedar como encargada de todo o meu legado?”

“Claro... Se estes son os últimos desexos de Deus, prometo manter a Relixión por todos os anos que pasen, Sexan centos ou miles. Se revives nalgún momento e algún dos meus descendentes sobrevive diranche unha clave: “Patacas con chourizo e caldo de repolo”. Se a escoitas é que a Relixión sobreviviu. Espero que nos vexamos nalgún outro mundo Deus...”

“Moitas grazas. Eu, CUCURUCHA94, Deus desta relixión, Patiñas do Annenismo, nomeo a Rocío como a miña sucesora. A sucesora da Relixión, quen continuara o meu legado polas seguintes xeneracións. Dito eso, me despido de vos. Espero volver a veros noutra vida...”

“QUE! QUE PASOU! Eras... ti e mais o meu antepasado? Pero como? Que pasou?”

“Son Deus recordas. Acábote de ensinar un fragmento dos meus recordos.”

“Que? Vaia... Non me esperaba todo isto.”

“Nin eu. Eempezaba a crer que ninguén sabía nada da miña relixión. Empezaba a crer que xa se extinguía como os dinosaurios. Pero bueno, aquí estamos. Pois entón, ti que xa sabes toda a miña historia... Eu, CUCURUCHA94, Deus desta relixión, Patiñas do Annenismo, nomeo a PepitA como a miña mesías...”

Así, despois de miles de anos, Deus e mais a descendente da mesías orixinal reencontráronse. Deus, deulle un dos seus aneis con todo o poder que el conleva e tras uns meses de entreno, PepitA está lista para saír polo mundo expandindo a relixión.

Capítulo 4, Nescui.

Carmen, que grande profesora, moi boa persoa tamén. É de ingles e moi ben o temos pasado con ela. Ademáis, aprendimos mais con ela que en todo o que levamos na ESO. Todo era perfecto, boa persoa, boa profesora... pero un día, Deus e mais eu fixemos unha gran pregunta... Unha pregunta coa que unha nova misión comezaba:

“Profe, ti que prefires, Nescui ou Colacao?”

“Nescui”

“QUE? COMO QUE PREFIRES NESCUÍ”

“MOI MAL, COLA CAO E O MELLOR, NESCUÍ SABE A CACA EN POLVO”

“Que va, Nescui sabe mellor”

“Vaia... Igual ata podes arreglalo. Dalsy o Apiretal”

“Dalsy verdade? O dalsy e o mellor”

“Apiretal”

“QUE!!”

“Vaia PepitA, creo que unha nova mision comeza. Eu, Deus mesmo, Encargareime desta mision personalmente. Axúdasme?”

“Como non, este é un problema moi serio...”

“Que?”

E así, con esta nova mision eu e mais Deus comezamos unha nova misión. O lavado de cerebros “ColaCaoDalsy - 20.000”. Así, cada día, semana tras semana, fomos intentando cambiala de opinion e levala polo bo camiño...

“ColaCao o Nescui?”

“Outra vez?”

“Jajaja”

“Dalsy ou Apireta?!”

“ ... ”

Os efectos dos nosos poderes parece que aindan non xorden efecto. Debe ter unha gran maldición mais tempo ao tempo como aos queixos. Algún día completaremos a misión...

Capítulo 5 , Historias do meu pasado...

“Oi, Deus, ti algúnha vez rompícheste algun oso ou te lesiónastes?”

“Pois a verdade e que nunca me rompín un oso, son de boa calidade. O que si é que me lesiónei moitas veces. Sobre todo os tobillos, un ano estiven en lesións cada dous por tres e apenas puiden saír a cazarcof cof cof, quero dicir, que apenas puiden saír a xogar cos meus amigos. Pero despois, a parte dese ano, só algunhas lesións non moi graves”

“Bueno e o codo non?”

“Emmm, iso é un caso aparte, non foi lesión grave pero quedou algo raro e por veces me doe. Pero non pasa nada, para diante.”

“Jajaja”

“E ti, algunha vez lesiónácheste?”

“UNHA VEZ CASE ROMPO OS DEDOS”

“E logo? Como fixeches?”

“Mira mira que te conto...”

Primeiro che poñerei un pouco en contexto

Estábamos en 6º de Primaria. Todas as rapazas de clase éramos amigas e sempre estábamos xuntas no recreo(Piña, piña. Quen vive na piña debaixo do mar... Jajaja). Reuníamonos sempre no vestiario do ximnasio e ali pasabamos o tempo. Falando, xogando... Incluso levábamos cousas como si esa fora a nosa casa. Todo perfecto pero un día no inverno, os nenos enteráronse de que estábamos alí. Que envidiosos...

Bueno que intentaron entrar e botarnos fora pero non o conseguiron. Nove tías diante da porta bloqueando. Haber quen supera iso...

A pena foi que había unha columna que separaba as partes de arriba dos vestiarios pola parte de arriba. Eles intentaron escalalo asi que eu púxenme a escalar polos azulexos(Modo home-araña encendido) e quen intentaba entrar caeuse de cu. Vaia risas que nos botamos...

E pois logo empezaron a molestarnos e intentar facernos a vida imposible. Tamén nos espiaban e intentaban entrar asi que entre todas decidimos poñernos un nome e escoller unha contrasinal. Esta era:

- Catro puñetazos.
- Dous palmadas.
- Tres golpes coas uñas.

Como dato sen importancia: nome que nos puxemos foi as “Unicornias”. Un faio foi o de non ter un peluche de unicornio asique a nosa mascota foi un cabalo...

Bueno así seguimos durante o curso e comezamos a crear historias, tanto de medo(Incluso apagábamos as luces e con unha lanterna creábamos un ambiente tenebroso) coma de humor. Tamén traíamos comida e facíamos pícnicos. Moi bos tempos aqueles.

Bueno o que segue, a historia de como case me rompo os dedos... Conteite estas historias para que puideras entender agora o que ven e como case quedo manca...

Pois mira, un día ía eu a entrar no vestiario pero claro, a música sempre a tiñamos moi alta e non me escoitaron. Entón volvo repetir, elas so escoitaron os puñetazoe e pensaron que era un rapaz. Ábrenme a porta e eu metín os dedos para abrir o resto. Como toda vía non me viran xa que pensaron que eu xa estaba alí dentro(Xa dixen anteriormente que estabamos a obscuras a as veces) pegaron un gran portazo ao pensar que o rapaz adiviñara a primeira parte do contrasinal. Claro, o faio? Que os meus dedos estaban na porta. Eu quedeime fora cos meus dedos doloridos e, mais tarde, cando saen fora cara a papeleiras venme alí. Vaia sorpresa que levaron. Ao final fun ao médico e resulta que tiña unhas cantas fisuras... Que sorte a miña...

“Vaia...”

“Si... Bueno, esa e a miña historia.”

“Sorprendente a verdade, nunca me esperei algo así”

“Jajaja, pois agora xa sabes”

“Espero que xa esteas recuperada de todo”

“Sisi, ademais, cos poderes que me deches xa estou ben 100%. Incluso mellor que antes.”

“Alégrome entón. Por certo, xa case é o teu cumpreanos non?”

“Si... un ano máis vella.”

“Bueno, recorda que igual revives coma min.”

“Estaría ben a verdade”

“Bueno veña, que para o teu aniversario che teño unha moi boa sorpresa”

“Que é?”

“Xa o verás...”

Arco de PepitO

Tras todo o acontecido ata agora sobre, comeza este novo arco, cheo de misterios e aventuras. Tamén coñeceremos a algúns novos personaxes, futuros membros da relixion que terán grande importancia nun futuro.

Este estará protagonizado por PepitO, o misterioso mesías, do que tanso coñecemos o nome. Como será? Pronto o saberemos. Sen máis que dicir, que comenze estas novas historias...



Prólogo, PepitO.

“Ola... Deus... Podes escoitarme...?”

“Ola PepitO, si podo escoitarte. Parece que xa dominastes a telequinesia.”

“Algo, si. Quería dicirte que creo que xa podería coñecer a PepitA. Xa sabes, dentro de seis meses é o seu aniversario. Ademais, así poderíamos facer algunha misión de expansión. Como o ves?”

“Si, está ben. Crees que podes crear algúns obxectos simples?. Bueno, da igual, tamén será unha boa sorpresa para PepitA. Cando os dous esteades xuntos o voso poder verase aumentado.”

“Grazas. Creo que vou ir saíndo. Xa sabes, case hai mil quilómetros e correndo aínda me leva un cacho. Ademais, así tamén poderei facer algo de expansión polo camiño”

“Esta ben, quedamos pois o día antes(3 de abril) e organizamos todo para a sorpresa. Mais unha cousa, seis meses é bastante, tampouco descoides os teus estudos que non quero que o Mesías sexa un inútil sen cultura..”

“Pero que dis, olvidaches o ben que se me da historia? Ademais, parece que aínda segues na prehistoria, recorda que agora hai educación a distancia. Incluso tan so cun teléfono móbil. Parece que aínda non te adaptaches de todo...”

“Jajaja, tes razón, esquecérao. As vellas costumes sempre quedan... Bueno pois sorte no viaxe e nos vemos en seis meses.”

“Grazas, ata logo.”

Capítulo 1, A fuga.

Acabo de cumprir 16 anos. Xa non aguanto mais, voume de casa.

Os insultos na clase, os malos comentarios na casa... Estou farto. Todo o mundo a criticar, nada de apoio teño de ninguén. Seguro que aínda que desapareza, naide se dará conta. Mellor así, polo menos estarei tranquilo. O primeiro, collerei algo de cartos e logo, voume. Non volverei...

Pois comezo o meu viaxe. Teño 100 euros. Sei que é pouco pero algo é algo. O primeiro será alonxarme uns centos de kilómetros. Canto máis lonxe deste sucio lugar mellor. Logo, buscar traballo que con 100 euros non se vive mais que para unhas poucas semanas.

Vou rápido para meu cuarto, collo unha mochila e meto algo de roupa. Collo o diñeiro e algunhas latas de comida. Suficiente para uns tres ou catro días. Cerro todo ben, salgo do meu cuarto e baixo as escaleiras. Os meus pais están na cocíña.

“Onde vas? Pronto imos comer.”

“Non quero comer, voume.”

“Seras... En fin, da igual, fai o que che de a gana, como se morres”

Enserio, nin un pouco lles preocupo, farto estou desta pocilga. Nin se quera na casa me tratan ben. Non volverei. Xuro que non volverei a pisar esta casa na miña vida.

Saio da casa, primeiro vou para a estación de autobuses. Comprei un billete de ida a Madrid e gora quedánme 60 euros... creo que ou me busco un traballo pronto ou qédome a vivir debaixo dun ponte.

Miro o reloxo, son as catro da tarde. O bus sale en media hora, enton, parome nos asentos de espera e empezo a ler un xornal que está por ahí.

O reloxo marca as 16:30. o bus acaba de chegar. Mira por onde, o bus chegou puntual... Polo menos parece que Deus me axudará a saír pronto deste lugar.

Pero que digo, será casualidade. Si Deus non existe, o eso ou é moi mala persoa... O mundo como está e nada fai por axudar. Cantas veces lle teño pedido que me axude e nin caso. Cantas veces lle teño pedido que meus pais me aprecien, que non se metan connigo na escola... simplemente ter unha vida tranquila. E nada conseguin. E eso que me esforcei por que se fixera realidade o que pedin. Pero pasaron os anos e nada. O e que é moi malo e non axuda a quen o necesita ou non existe porque si non non o entendo. E que non, non entendo que tanto lle reza a xente...

Entro no bus, sentome no primeiro asento que hai libre. O chofer anuncia que o viaxe durará un bo cacho. Pero non me importa, con tal de saír deste lugar...

Cheguei a madrid, despois de estar dando unhas cantas voltas entro nun bar. Piden camareiros pero según entro dinme que esquecéranse de quitar o cartel, que a plaza estaba xa chea. Noutros lugares dinme que teño que ser mais maior. Ao final parece que non e tan sinxelo como parece buscar traballo.

Estiven a última semana nunha pequena pousada. Pero apenas quédanme 20 euros. Enton voume. Gustaríame gardar o que me queda para cando realmente o necesite. Nesta última semana seguin buscando un traballo pero parece que non buscan unha persoa como eu.

Ao final acabei vivindo nun callejon dunha rúa ben afastada do centro. Parece que as temperaturas non son demasiado baixas polo que poderei durmir por alí.

Son as doce da noite e dúas persoas acércanse a min. Non parece que sexan moi amigables entón intento correr. Magoa que outra persoa mais impídame o paso. Un deles saca unha navalla e me piden que lles de todo o meu diñeiro. Pode que miña vida non sexa boa pero realmente non quero morrer. Doulle os 20 euros pero non lles parece suficiente. Un dos tres agarrame mentres os outros dous buscan nos meus bolsillos. Collen a miña mochila e un deles sae correndo. Quedan dous e parecen bastante enfadados.

“Parece que non ten nada”

“Seguro que si, revísalle ven todo”

“Non teño nada, de verdade”

“Ti a calar, que como grites un pouco abroche a metade”

“Por favor que de verdade, non teño diñeiro, escapeime de casa”

“Dixen que a calar”

“Pero...”

Despois diso comezáronme a golpear aínda que o tipo da navalla saíu correndo coa miña mochila os outros dous parecía que me querían matar a golpes. Encima encontran unha barra de ferro. Un deles pégame na cabeza e despois diso perdín o coñecemento. Pouco a pouco iba perdendo a consciencia. E vexo unha sombra.

Mais tarde despértome. Non recordo nada. Pero...

Capítulo 2, Comeza o viaxe.

Eu, PepitO I, dispóñome a comezar o meu viaxe para poder encontrarme con PepitA. Quédanme como 6 meses a si que podo tomarmo con bastante calma. Saio en dirección a Madrid. É a capital de España entón supoño que ese será un lugar onde haberá moitos problemas. Entón estarei alí sobre uns tres meses.

Bueno, decido ir correndo para facer algo de exercicio. Polo camiño encóntrome bastantes avoas con pesadas bolsas da compra a si que as axudo. Tamén algúnhas persoas con pinchazos pola carreteira e párome xunto a eles a cambiar a roda. Incluso encontreime con algúns ladróns de pequenos bancos e tendas.

Canto máis me acerco a Madrid mais coches van aparecendo a miña vista. Xa levo un mes de viaxe e voume tomar unha semana para facer turismo. Primeiro de nada voume a un super a comprar algo de comida. Compro uns cantos quilos de arroz .

Logo voume a un callejon e comezo a preparar a miña comida. Podo ir a algún sitio a comer pero isto e mais natural. A auga e o lume o podo crear cos meus poderes a si que todo ben. A pota igualmente a podo crear con terra. O que me sobra o escondo nun tellado e voume a dar unha volta por Madrid.

Pérdome entre as calles e encontro bastantes gatos e cans abandonados. Entón cocíñoalles algo de arroz que levaba comigo. Vexo un can que parécese moito ao meu. Outro que se parece tamén ao can de PepitA.

Bueno, despois dunha longa tarde de animais, vou a algun lugar a durmir. Aínda que estou perdido. Vou subir a un tellado haber se me encontro. Entón mentres visualizo a paisaxe e intento encontrarme entre a cidade de Madrid, encontro algo que me chama a atención.

Está algo lonxe pero cos poderes de Mesías podo visualizalo sen problemas. Están roubando a un rapaz nun callejon. Cando dou chegado lle estaban pegando cunha vara de ferro. Entón vou eu para salvalo. Eu, PepitO I, Mesías da relixión, dispóñome a salvar ao rapaz da morte.

Están dous contra un cunha vara de ferro pero eu son o mesías. Creo cos meus poderes dúas espadas de barro e pedra e comeza a nosa batalla.

Ao final moi valentes se creen pero non son nada. Nin 5 minutos tardaron en renderse. Pero claro, o que fixeron xa non se pode borrar. Doulles un golpe na cabeza e os deixo inconscientes. Logo os levo a comisaría.

Cando volvo o rapaz ao que roubaran segue inconsciente. Non parece grave e parece que se fugou de casa a si que non o levo ao hospital. Simplemente o levo a outro lado e encendo lume. Logo cocíño algo de arroz.

Despois dunhas horas empeza a espertar...

Capítulo 3, Ethan.

“NOO!!”

